

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	IES Laxeiro	Lalín	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Lingua castelá e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

1. Introdución

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamiento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prejuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á producción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o séptimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», corresponde de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de producción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- As linguas e os seus falantes: unidade na que analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro.
- Comunicación: centrada no estudo do proceso comunicativo e a incidencia dos seus elementos na interpretación das mensaxes orais e escritas. Estudaremos gramática e asentaremos as bases para comprender mellor as linguas.
- Comprensión e expresión oral: esta unidade abordará o concepto e a función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación. Centrarémonos na descripción e na narración.
- Os medios de comunicación: abordaremos a xestión adecuada da información a través da análise crítica das mensaxes aparecidas nos medios de comunicación.
- Literatura oral e escrita: esta unidade trata de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación e de apreciar o que moitos escritores souberon facer con el. Coñeceremos os xéneros lírico, narrativo e dramático. Analizaremos o conto tradicional e literario. Tamén analizaremos algúns dos tópicos más relevantes da literatura española.

Intentamos vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dos propios intereses do alumnado, as súas situacións, para favorecer una aprendizaxe significativa para que, ao termo de cada curso, consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prejuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coerentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de producción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As linguas e os seus falantes	Nesta unidade, analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro. A partir da reflexión interlingüística, estableceremos as familias lingüísticas e combateremos os prejuízos lingüísticos.	10	10	X		
2	Comunicación 1	Dedicaremos esta unidade ao estudo do proceso comunicativo e á incidencia dos seus elementos, tanto na forma, como na correcta interpretación das mensaxes orais e escritas.	10	10	X		
3	Comunicación 2	Un dos propósitos fundamentais da educación literaria reside na construcción dunha identidade lectura sólida. Para logralo, é esencial a configuración dun corpus formado por obras rexistradas en itinerarios xenéricos cuxa lectura comparada atenda á evolución dos temas e formas estéticas. Dedicaremos esta unidade ao estudo das principales características dos xéneros narrativo, lírico e dramático.	10	15	X		

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Gramática. As clases de palabras (en xeral)	Utilizamos continuamente a lingua, pero non sempre reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas.	20	10		X	
5	O verbo e a narración.	A narración é o tipo de textos que xerou máis análises desde os antigos retóricos ata a actualidade. E non é estralo: as formas narrativas -ficcións ou relatos reais que explican un feito interesante- acompañánnos desde os contos na nenez ata a lectura das noticias xornalísticas. Por iso, é importante que practiquemos tanto a súa correcta expresión como a súa axeitada comprensión.	10	15		X	
6	Os nomes e os adjetivos: a descripción.	Traballaremos sobre o seu mundo e acercarémonos á obra de grandes autores.	10	10		X	
7	A educación literaria: oral e escrita	Faremos análise de textos literarios (tipo de texto, elementos que o componen, a función estética, os tópicos literarios) e trataremos de crear outros.	10	10			X
8	Os medios de comunicación de masas: características.	Dedicamos moitas horas para comunicarnos e informarnos a través de internet. Esta posibilidade de contactar de maneira inmediata cun público potencialmente amplísimo e obter datos de todo tipo ao momento supuxo un avance innegable, pero tamén entraña certos riscos para a nosa privacidade. Ademais, esta avalancha de información (non sempre obxectiva nin veraz) esíxenos que esteamos formados para analizar criticamente os datos e as opinións que os medios de comunicación dan a coñecer.	10	10			X
9	A comunicación 3.	Nesta unidade faremos un compendio do visto ao longo do curso e traballaremos a expresión oral e escrita de xeito global.	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As linguas e os seus falantes	10

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Proba práctica na que o alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as linguas oficiais de España e comparar os trazos característicos básicos do galego e do castelán.	PE	45
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna.	O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos.	TI	55
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais que resulten discriminatorios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. - As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.

UD	Título da UD	Duración
2	Comunicación 1	10

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información más relevante dos textos orais e multimodais.	PE	45
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto e a información más importante.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado ten que recoñecer o tema e as ideas principais de textos alleos e ser quen de achegar o seu punto de vista persoal.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos para evitar repeticións innecesarias e incluirá elementos cohesivos que evidencien unha correcta organización do contido.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos orais breves, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.		
CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado explicará, como mínimo, a relación entre a intención comunicativa e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quen de producir textos narrativos e descriptivos utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.	TI	55
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal como o educativo e o social.	O alumnado realizará unha escucha activa, respectará o turno de palabra, será capaz de expoñer de forma concreta o problema e esforzarse por suxerir todas as alternativas de solución posibles.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalinguística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Como mínimo, o alumnado detectará os errores formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise das componentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencions, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de producción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Elaboración de textos orais tendo en conta as componentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción de textos orais, escritos e multimodais.
- Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Procesos de producción de textos orais, escritos e multimodais.
- Producción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, componentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Comunicación 2	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quen de producir textos utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.	PE	50
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e valorar o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá ser capaz de relacionar os textos en relación co emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria empregando os recursos expresivos aprendidos.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado amosará vontade de estilo na creación de textos de intención literaria.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalinguística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Como mínimo, o alumnado detectará os errores formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal como o educativo e o social.	O alumnado respectará o turno de palabra, será capaz de expoñer de forma concreta os problemas detectados e esforzarse por suxerir todas as alternativas de solución posibles.		
CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escucha activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística.	O alumnado deberá realizar unha escuta activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Para acadar o grao mínimo de consecución, o alumnado participará activamente no obradoiro de lectura, establecendo conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de producción de textos orais, escritos e multimodais. - Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuito literario e lector. - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construcción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construcción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
4	Gramática. As clases de palabras (en xeral)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá ser capaz de identificar as categorías gramaticais predominantes en textos narrativos e descriptivos.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical dunha palabra mediante a utilización de afixos, a partir da observación e transformación de enunciados.	PE	65
CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos, hiperónimos e hipónimos para evitar repeticións innecesarias e incluirá elementos cohesivos para a correcta organización do contido.	TI	35

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
